

drón será do 1/08/2005 ó 30/09/2005, ámbalas dúas datas inclusive.

O importe poderá satisfacerse, consonte co artigo 86 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación a través de calquera Entidade Bancaria, empregando os instrumentos de ingreso (Recibos), que se enviarán ó domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario.

No caso de perda do devandito instrumento, o obrigado ó pagamento poderá ata o día 15 de xuño de 2005 obter un duplicado na Oficina de Xestión Tributaria do Concello de Bueti sita na Rúa Eduardo Vincenti nº 53 Baixo - Tlfno. 986390034 - e-mail: oficina.bueu@tribugest.es.

Os contribuíntes que a 15 de setembro de 2005 non recibisen nos seus domicilios os instrumentos de ingreso disporán do mesmo prazo, para os solicitar na oficina indicada, e efectua-lo pagamento nas Entidades Bancarias, posto que a non recepción non exime da obriga do pagamento, e non impide a utilización da vía de constrinximento.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ó abeiro do art. 102 da vixente Lei Xeral Tributaria.

O vencemento do prazo en período voluntario, sen ter satisfeita a débeda, determinará o comenzo do procedemento de constrinximento, a percepción do recargo do 5%, 10% ó 20% e demais conceptos esixibles tal e como se fixa no artigo 128 da Lei Xeral Tributaria e no artigo 91 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións incorporadas o mesmo podrá interpoñerse recurso de reposición ante a Alcaldesa-Presidenta no prazo de un mes a contar dende o seguinte o de finalización do período da súa exposición pública de conformidade co previsto no artigo 14 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei rejucladora das Facendas Locais.

Bueu, a 14 de xullo de 2005.—A Alcaldesa, Elena Estévez Freire. **2005007046**

\* \* \*

## CAMBADOS

Por don Javier Martínez Domínguez, en representación de Hortasalnés, S.L., solicítase licenza municipal para “Nave almacén e manipulado de produtos hortícolas”, a emprazar en Sameiro-Vilariño.

Polo que se fai público, por prazo de 10 días hábiles, de conformidade co Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas de 30/12/61.

Cambados, 19 de xullo de 2005.—O Alcalde, ilexible. **2005007027**

## CANGAS

### A N U N C I O

O Concello en Pleno en sesión de data 25 de Febreiro de 2005, aprobou inicialmente o Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas, que foi sometido a información pública por 30 días hábiles, mediante anuncio insertado no Boletín Oficial da Provincia de data 10 de marzo do 2005 (corrección de erro en BOP 17 de Marzo de 2005), e mediante anuncio que foi exposto no taboleiro de anuncio do Concello durante 30 días hábiles. No período de exposición pública foron presentadas alegacións por parte do grupo municipal do BNG, sendo resoltas polo Pleno en sesión de data 29 de Xullo de 2005, onde se procedeu a aprobación definitiva do citado regulamento. Contra a aprobación definitiva, que pon fin a vía administrativa, do regulamento poderá presentarse recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte da publicación deste anuncio no BOP, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquer outro que estimen convinte.

O texto integro do regulamento aprobado definitivamente transcribese como segue:

### REGULAMENTO DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DE CANGAS

#### CAPÍTULO I. ASUNCIÓN DO SERVIZO

##### 1. Fin do Regulamento.

De conformidade co previsto nos artigos 4 da Lei 7/1985, 106 do R.d. lexislativo 781/1986, 30 e 33 do Decreto de 17.06.1955, polo que, se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais, e 155.2 do Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas (TRLCAP), polo Concello de Cangas establécese o seguinte regulamento de utilización, organización e funcionamento dos servizos municipais de abastos, co fin de determina-lo seu réxime xurídico básico de acordo cos preceptos sinalados.

Referirase o presente regulamento á prestación dos servizos municipais de abastos que teñan lugar nos seguintes establecementos:

- Mercado Municipal de Abastos de Cangas, sito na Rúa Avda Castelao desta vila.

O exercizo de actividades comerciais en mercados fixos, anexos ós mercados municipais ou de abastos, con instalacións permanentes, ten a consideración de venda ambulante, segundo a Lei galega 10/1988 de ordenación do comercio interior e o Decreto 194/2001 de ordenación da venda ambulante. Xa que logo, regularase a través da normativa específica desta venda.

## 2. Asunción expresa.

O servizo público sinalado asúmese expresamente como propio desta administración, á luz da atribución de competencias prevista no apartado 2.g) do art. 25 da Lei 7/1985 e 26.1 b) da mesma lei.

## 3. Liberdade de competencia.

A prestación deste servizo desenvolverase de acordo co establecido neste regulamento e resolucións que en aplicación deste se dicten, sen que poida vulnera-la liberdade de concorrencia respecto doutras iniciativas públicas ou privadas.

## CAPÍTULO II. MODALIDADES DE PRESTACIÓN

### 4. Xestión do servizo.

O servizo prestarase en calquera das modalidades previstas na lexislación vixente, ben sexa mediante xestión directa (art. 85.2.A) da Lei 7/1985), indirecta (art. 85.2.B) da anterior Lei, en relación co 156 do TRLCAP), ou consorcio (art. 87 Lei 7/1985), de acordo coa modalidade que en cada momento determine o Pleno Corporativo.

### 5. Concesións de postos.

A ocupación en concreto de cada posto revestirá os caracteres propios dunha concesión administrativa demanial, que se outorgará segundo os artigos 93 e seguintes da lei de patrimonio de administracións Públicas e 78 e seguintes do Regulamento de bens das entidades locais, na medida en que se adapten á lexislación contractual administrativa de carácter básico.

## CAPÍTULO III. ÁMBITO DE APLICACIÓN

### 6. Eido obxectivo.

Enténdese por tal os edificios e instalacións utilizados para a venda polo miúdo dos produtos destinados ó abastecemento público, especialmente en canto se refire á alimentación, sendo a súa creación, apertura e explotación de exclusiva competencia municipal.

### 7. Postos do mercado.

Entenderase por postos fixos os que formen parte da propia estrutura do mercado e se destinan á venda de artigos alimenticios de primeira necesidade ou, excepcionalmente, a outras actividades que, sen ser do ramo da alimentación, se consideren complementarias ou de utilidade.

### 8. Eido subxectivo.

Abarcará:

- Ós concesionarios dos postos, quen, pola prestación do servizo a través da oportuna concesión administrativa, asuman unha relación especial co concello, adquirindo o dereito ó uso das instalacións de conformidade e co cumprimento dos deberes establecidos no presente regulamento e cos pregos que, no seu momento, rexan as concesións.

- Ós particulares usuarios do mercado, que disporán da posibilidade de uso do servizo de abastecemento que nas súas instalacións se leven a cabo, segundo o réxime establecido neste regulamento, nas normas que rexen a actividade comercial e demais aplicables segundo o tipo de actividade a desenvolver.

- A administración concedente, que será o concello.

- De se-lo caso, ó xestor indirecto do servizo, que poderá ser unha empresa ou agrupación de intereses económicos.

## CAPÍTULO IV. RÉXIME BÁSICO DE EXPLOTACIÓN DOS MERCADOS

### 9. Denominación.

As instalacións destinadas á prestación do servizo de mercado que se regula, denominaranse, no seu conxunto, "Mercado Municipal de..." segundo o lugar ou parroquia do concello onde desenvolva o seu labor, sen que se poida engadir nome, siglas, sinaturas comerciais ou marcas de ningún tipo.

Toda a documentación administrativa deste levará impreso o selo oficial

### 10. Normativa reguladora.

As diferentes instalacións e a prestación do servizo adaptaranse, en todo momento e aparte do contido neste regulamento, á normativa reguladora da materia que sexa de obrigatoria observancia e, en concreto, á Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia e á Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio minorista (aplicable segundo o dispón a súa D.F. única). Especialmente deberán de terse en conta as disposicións específicas en materia sanitaria e de control de alimentos e bebidas.

As relacións comerciais entre os concesionarios e os usuarios do servizo rexeranse exclusivamente polo dereito privado.

### 11. Instalacións e equipamento.

O local onde se preste o servizo disporá das instalacións e condicións mínimas esixidas pola normativa reguladora, segundo o tipo de venda que se realice, incluíndo, de así ser necesario, cámaras frigoríficas.

A posible ampliación do servizo que implique a construción de novos postos ou mercados, será asumida directamente polo concello ou a través da contratación da xestión do servizo que conleve tal execución, sexa mediante concesión pura ou concesión de obra pública (arts. 158.2 e 220 e seguintes do Texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas). En todo caso, a execución esixirá a aprobación previa do proxecto de obras polo concello, que supervisará a adecuación das instalacións cos seus fins.

Procurarase que cada mercado conte con cámaras frigoríficas, que só serán utilizadas polos titulares dos postos fixos, salvo que por falta de espazo ou impedimentos técnicos non sexa posible.

#### 12. Libros de reclamacións.

En cada mercado existirá, a disposición dos usuarios, un libro de reclamacións e suxestións, debidamente foliado, numerado e selado co selo do concello. Para estes efectos, en cada mercado figurará unha inscrición ben visible co seguinte texto: "Neste mercado existe un libro de reclamacións a disposición do público; para a súa utilización, dirixirse ó Sr. Vixilante ou ó concello".

Así mesmo, tamén existirá a disposición do público unha caixa de correo de suxestións.

#### 13. Horario de funcionamento.

O horario de venda ó público no mercado será de 9,00 horas a 14,00 horas de mañan e de 18,00 horas a 21 horas de tarde, tódolos días laborables.

Dito horario poderá alterarse ocasionalmente mediante resolución de Alcaldía, publicando, coa debida antelación, dita alteración, no taboleiro oficial de anuncios que existirá no mercado.

De forma expresa e coa debida antelación comunicaranse as autorizacións de apertura en días festivos.

Nos casos de folga, o concello establecerá servizos mínimos, que aseguren a apertura do mercado.

Durante as horas de venda ó público non se poderán transportar xéneros en carretillas polos pasillos, ocupalos con envases e outros obxectos ou estacionarse os titulares dos postos ou os seus dependentes de forma que impidan ou dificulten o tránsito do público.

Os titulares dos postos e os seus dependentes, no seu caso, poderán entrar no mercado as 8,00 e saír as 15,00 horas sendo os vixiantes do mercado os encargados da apertura e peche das portas. O vendedor que necesite máis tempo para a preparación ou retirada dos produtos deberá solicita-la autorización expresa da Alcaldía.

Fóra deste horario, non se permitirá a permanencia no mercado de ningunha outra persoa, salvo as autorizadas polo concello.

#### 14. Descarga e colocación de xéneros.

A descarga de xéneros efectuarase durante as horas e na forma que determine o Alcalde mediante bando. Só se permitirá a descarga de produtos nos lugares sinalados para o efecto.

O transporte ata o mercado e dentro deste, realizarase nas debidas condicións hixiénicas, utilizando vehículos e medios de transporte adecuados.

A colocación e depósito dos xéneros só se permitirá dentro dos postos ou lugares habilitados para isto, prohibíndose a utilización para tal fin das

rúas ou pasos, que deberán permanecer libres para a fácil circulación dos compradores.

A entrada de carnes no mercado realizarase baixo a vixianza do garda, encargado do mercado ou a inspección veterinaria, tanto de mañan como de tarde, esixíndose o certificado de Sanidade ou o selo do matadoiro autorizado. No caso de non posuír ningún dos anteriores, estarase ó que determine a Inspección Veterinaria.

Non se permitirá a venda de ningunha partida de peixe sen que previamente fose examinada pola Inspección Veterinaria.

De acordo coas normas de Sanidade vixentes, esixiranse as caixas novas e perfectamente limpas.

O horario de entrada de peixe será fixado pola Alcaldía, oída a Inspección Veterinaria.

#### 15. Taboleiro de anuncios.

En sitio visible do mercado o Concello porá a disposición un taboleiro oficial de anuncios, no que se fixarán tódalas disposicións de réxime interior ou de carácter xeral que afecten ó servizo. Tanto os titulares de postos de venda, como a Asociación de Vendedores, se existe, entenderanse legalmente notificados de tales disposicións, sen outro requisito que a súa publicación na forma indicada.

En tódolos postos de venda do mercado o concello colocará un número identificativo en lugar visible, que será determinado pola Alcaldía.

#### 16. Prohibición de publicidade.

Nos mercados de abastos non se admitirá ningún uso de publicidade comercial que non sexa o propio nome do titular de cada posto, quedando prohibido en calquera caso o voceo, o uso de altavoces ou de calquera outro medio sonoro para ofrecemento das mercaderías ou produtos.

Igualmente quedan prohibidas a venda ambulante e as rifas.

#### 17. Artigos de venda autorizados.

A denominación de cada posto será a que figure no correspondente contrato, e o comercio que se exerza en cada un será o que corresponda a dita denominación, sen que poida variarse sen autorización do concello.

Segundo a súa denominación, en cada un dos postos poderán expenderse os artigos seguintes:

Carnicería, chacinería, froitas e verduras, peixe fresco, pesca salgada, pollería e ovos, touciñería, comestibles envasados, lácteos e panadería.

A anterior relación ten carácter enunciativo e non limitativo. No caso de que se pretenda a venda dalgún produto non numerado, resolverá o concello, previa audiencia da asociación de vendedores, se existise, se nón dos vendedores afectados.

Non se permite a comercialización de produtos alimentarios de calquera orixe dos que non se acredite a súa procedencia de establecemento autorizado.

### 18. Báscula de repeso.

Nos mercados de abastos o Concello instalará unha báscula de repeso, para que o público poida en todo momento efectúa-las comprobacións de peso dos artigos adquiridos. En tal báscula colocárase un cartel no que se lerá: "Báscula de repeso a disposición do público".

En caso de reclamación por estimar falta no peso, o comprador, sen abandonar-lo posto onde adquirira o produto, interesará a presenza do axente ou vixiante, ou no seu defecto, dun garda da Policía Local, quen seguidamente efectuará o repeso do artigo en cuestión. Constatada a anomalía, polo persoal ó servizo do concello, poranse os feitos en coñemento da Alcaldía e do presunto infractor, para a incoacción do correspondente expediente sancionador polas autoridades competentes.

## CAPÍTULO V. INSPECCIÓN SANITARIA E CONTROL DE ALIMENTOS E BEBIDAS

### 19. Competencia.

A inspección sanitaria dos mercados estará a cargo dos servizos veterinarios oficiais de saúde pública, ou dos que os substitúan, segundo a normativa aplicable

A inspección actuará de oficio e a instancia de parte.

O Concello habilitará nos mercados un local destinado á inspección. Os inspectores axustarán a súa actuación á normativa vixente en materia sanitaria e de protección dos dereitos dos consumidores e usuarios.

### 20. Funcións.

Corresponderalle á inspección veterinaria o exercicio de cantas comprobacións, exames e demais actuacións sexan necesarias para comprobalo axeitado estado hixiénico-sanitario dos produtos que se venderán no Mercado Municipal de Abastos, de conformidade coa súa propia normativa reguladora e a que sexa aplicable neste eido.

Neste senso, poderán advertir ós servizos municipais das posibles deficiencias na limpeza do Mercado; na desinfección, desinsectación e desratización das súas dependencias; na conservación, manexo e venda dos produtos alimenticios; nas condicións hixiénico-sanitarias dos postos, instalacións, cámaras frigoríficas, así como, os vehículos que transporten xéneros relacionados con este, e cantos extremos entendan de interese para garantir a total seguridade dos consumidores e usuarios das dependencias do Mercado.

### 21. Inspección dos produtos e mercadorías.

Os vendedores non poderán opoñerse á inspección nin á intervención por causa xustificada das mercadorías. O xénero declarado en malas condicións sanitarias será destruído, de acordo co que

dispoña o veterinario competente, co obxecto de que non poida consumirse.

O veterinario disporá dun libro de rexistro onde se anotarán as intervencións que practique nas súas operacións inspectoras, detallando a procedencia, clase e peso do xénero, nome do vendedor e demais datos necesarios para a perfecta determinación do servizo.

## CAPÍTULO VI. DOS XESTORES DO SERVIZO

### 22. Obrigas do xestor do servizo.

A entidade que xestione o servizo municipal de mercados, independentemente da forma de prestación deste, terá as seguintes obrigas:

- Ocuparase da apertura e funcionamento das instalacións de conformidade co precisado neste regulamento.

- Levará un rexistro adecuado das concesións administrativas outorgadas a cada un dos postos, no que constarán a data da concesión, o seu titular, o prazo de outorgamento, o canon satisfeito de selo caso, as subrogacións, transmisións ou hipotecas autorizadas, e demais datos de interese que consten no acto de concesión.

- Manterá un inventario actualizado dos bens adscritos a tal prestación, tales como básculas, cámaras frigoríficas, etc.

- Corresponderalle o coidado, limpeza, acondicionamento, conservación, mantemento e vixilancia das instalacións. Esta obriga conleva a apertura e peche destas.

- Levará a cabo, en definitiva, tódalas actuacións necesarias para garanti-lo acomodo das instalacións ós requisitos precisados na devandita normativa aplicable, así como, desenvolve-lo servizo con estricte suxeición a esta. Especialmente coídará do cumprimento dos requisitos establecidos no Capítulo V, relativo á explotación do Mercado, tales como, a existencia de libros de reclamacións, báscula de repeso, calidade e control dos produtos, horario de funcionamento...

### 23. Memoria sobre o servizo.

O xestor do servizo, sexa directo ou indirecto, concluirá anualmente unha memoria sobre o realizado, no que se incluírán cifras sobre a actividade desenvolvida, produtos obxecto de comercio, persoal empregado, reclamacións e demandas en xeral dos usuarios, incidencias e tódolos aspectos que entenda de interese.

Tal memoria presentarase, no primeiro trimestre do ano, a concellería delegada correspondente, quen dará conta á Comisión Informativa correspondente.

Xunto con tal memoria entregárase o libro de reclamacións e suxestións para o seu exame e devolución, sen prexuízo de comunicar ó concello as queixas dos usuarios, cando se produzan, e do de-

reito destes a interpo-los recursos oportunos contra os actos da xestora.

#### 24. Xestión indirecta.

O servizo poderá prestarse por calquera das formas de xestión indirecta contempladas na lexislación contractual administrativa e local. Expresamente admítase que tal xestión poida realizarse con empresas ou asociacións ou agrupacións de interese económico, nas que obrigatoriamente se integrarán a totalidade dos concesionarios dos postos do mercado.

Independentemente das obrigas precisadas nos artigos 22 e 23, a entidade concesionaria ou xestora indirecta, deberá:

Aproba-los oportunos estatutos e constituírse debidamente, a través de escritura pública debidamente inscrita, de se-lo caso, para o suposto de tratarse dunha agrupación de interese económico, composta, como queda dito, por tódolos concesionarios dos postos.

- Designar un responsable do servizo, co perfil máis adecuado, ó que o concello se poida dirixir en concreto, ó tempo que coordine á actividade da xestora. Este xestor contará coa debida representación da empresa ou asociación de interese económico xestora do servizo, acreditada a través da oportuna escritura de apoderamento.

- Permitirá o control, administrativo e especialmente sanitario, das autoridades municipais e, das instalacións, produtos destinados á venda, inventarios de material e, en xeral, dos elementos afectos á prestación do servizo e do modo concreto do seu desenvolvemento. Neste senso, calquera funcionario, empregado ou autoridade municipal relacionado co servizo, poderá examina-las instalacións e o servizo en calquera momento.

- Adaptarase en todo o relativo á prestación deste ás órdes e instrucións que lle sexan dadas polos servizos municipais ou administrativos competentes.

- Elevará ó concello, a través da concellería delegada do servizo ou da Alcaldía, caso de inexistencia da primeira, cantas propostas ou suxestións teña por convenientes para a mellor prestación do servizo.

- Poderá encomendarse á empresa ou asociación xestora do servizo a tramitación das solicitudes para as concesións dos postos, se ben, en todo caso, a resolución final da concesión será outorgada polo concello.

## CAPÍTULO VII. RÉXIME DOS POSTOS

### SECCIÓN 1ª. DEFINICIÓN

#### 25. NATUREZA XURÍDICA.

A ocupación en concreto de cada posto concéptase como unha utilización privativa dun ben de

dominio público, se ben destinado a un servizo público, que precisa do correspondente título habilitante. Este título, dadas as características das instalacións como que son fixas e a vocación de permanencia na súa ocupación, terá a consideración dunha concesión administrativa demanial, que se rexerá pola Lei 33/2003, de patrimonio das administracións públicas, Lexislación básica de réxime local, Lei 7/1995 de administración local de Galicia, Regulamento de bens das entidades locais e pola lexislación contractual.

#### 26. DESTINO DOS POSTOS.

En principio, o concesionario de cada posto deberá dedicalo ós produtos que correspondan a denominación do posto e que figure na correspondente concesión, sen que poida variarse sen autorización do concello.

Segundo a súa denominación, en cada un dos postos poderán expenderse os artigos que figuran no artigo 17.

#### 27. TITULARES DOS POSTOS.

So poderán ser titulares de postos as persoas naturais e xurídicas, que teñan plena capacidade xurídica de obrar.

Non poderán ser titulares dos postos as persoas que incorran na prohibición de contratar, reguladas no artigo 94 da Lei de patrimonio das administracións públicas, que remite o artigo 20 do Texto refundido da lei de contratos de administracións públicas.

## SECCIÓN 2ª. ADXUDICACIÓN

#### 28. Adjudicación.

A) Sen prexuízo do disposto na disposición transitoria, as concesións adxudicaranse en réxime de concorrencia, salvo cando concorran algunhas das causas ou motivos que determina a adxudicación directa, segundo o disposto no artigo 93 da lei de patrimonio das administracións públicas.

B) Ós procedementos de adxudicación dos postos vacantes non poderán concorrer, as persoas que estean incursas nas prohibicións do artigo 20 do Texto refundido da Lei de contratos.

C) En todo caso non se permitirá que unha persoa sexa titular de máis de catro postos. Se é titular de varios postos, deben ser contiguos, quedando prohibida a anexión doutros postos. Para estes efectos, tamén computarán os cónxuxes que vivan legalmente con eles ou persoas coas que teñan unha relación análoga de afectividade e convivan con eles. No caso de que se teñan varios postos, poderanse colocar expositores ou mostradores que unan os postos que conforman o negocio do mesmo titular, co fin de dar unidade de exposición e mellora-lo seu rendimento comercial. Deberán presentar un modelo que será aprobado por resolución da Alcaldía.

D) O pleno delega expresamente na Xunta de Goberno Local a competencia para adxudica-los postos do mercado, así como, para autoriza-las transmisións dos postos, e cantas actuacións sexan necesarias para dita adxudicación como para as transmisións, cando sexa competente para a súa concesión e sempre e cando non requira dita adxudicación maioría cualificada presentando os resultados ante a comisión informativa de servizos.

### SECCIÓN 3ª. TRASLADO DOS POSTOS

#### 29. TRASLADO DOS POSTOS.

O concello, poderá trasladar de posto a calquera concesionario sempre e cando esta decisión se xustifique na necesidade de realizar obras de conservación ou mellora do recinto, ou calquera outra circunstancia de carácter análogo que redunde en beneficio para a xeneralidade dos usuarios.

### SECCIÓN 3ª TRANSMISIÓN E GRAVAME DOS POSTOS

#### 30. TRANSMISIÓN DOS POSTOS.

A transmisión dos postos deberá realizarse da maneira que dispón o artigo seguinte, quedando prohibida calquera outro tipo de transmisión.

No caso de que se produza de conformidade co disposto neste regulamento, os novos titulares sucedenlle en tódolos dereitos e obrigas ós anteriores titulares.

O prazo da concesión en caso de transmisión de calquera natureza, contará para o novo concesionario, desde a data do inicio da concesión e non desde a transmisión.

#### 31.—REGRAS SOBRE A TRANSMISIÓN.

Dado o carácter dos bens sobre os que se exerce a actividade, en canto destinados a un servizo público e de titularidade demanial, co fin de evitar calquera especulación sobre estes, limitarase a transmisión das concesións dos postos ós seguintes supostos:

1.—Mortis causa ou para o caso de xubilación, a favor dos herdeiros ou legatarios do causante concesionario. Asimilarase a morte, a declaración de falecemento ou de ausencia do titular, segundo o establece a lexislación civil. De terse transmitido en testamento, ou ben se se adquirise en sucesión intestada con carácter pro indiviso a dúas ou máis persoas, éstas deberán determinar e comunicar ó concello, quen dentre elas ha de sucedela titularidade.

2.—Por imposibilidade sobrevida para o exercicio directo e persoal da actividade comercial, debidamente acreditada, a favor das persoas que tivesen a condición de herdeiros forzosos do titular.

3.—Inter vivos, pero só a favor das seguintes persoas:

- a) Parientes de ata terceiro grao de consanguinidade ou afinidade.
- b) Cónxuxe.
- c) Persoas vinculadas por análoga relación de afectividade, que acrediten que conviven entre si, alomenos durante dous anos ininterrompidos, o momento anterior a que se produza ou soliciten a transmisión.

4.—No caso de persoas xurídicas so se admite a transmisión nos casos de fusión, absorción ou escisión.

Nos dous primeiros supostos, deberá comunicarse e acreditarse a produción das devanditas circunstancias e solicita-la autorización para a transmisión dos postos, polos interesados ó concello no prazo de seis meses, a contar desde o día do falecemento do titular, declaración de ausencia, declaración de falecemento ou declaración administrativa da súa incapacidade para o exercicio persoal da venda ou. Do contrario, declárase extinguida a concesión, sen dereito a indemnización ningunha por parte dos herdeiros ou do antigo concesionario, así como, polos que pretenden adquirilos.

No suposto terceiro de transmisión inter vivos, deberá comunicarse ó Concello a intención de transmisión da concesión sobre o posto, mediante escrito dirixido ó concello onde o transmitente e o que pretendan adquirir manifesten que teñen a intención de transmitirlo e que acrediten se se dan algunha das circunstancias que xustifican a transmisión intervivos. Se o concello autoriza a transmisión, dipón dun prazo de dous meses dende a notificación da autorización para comunicar que se realizou. De non comunicarse nese prazo, enténdese que non se levou a cabo, e debe solicitarse unha nova autorización para que se transmite a concesión. En tanto non se comunique que se formalizou a transmisión inter vivos, enténdese que o concesionario é o anterior a autorización municipal a tódolos efectos. O que pretende sucederlle no posto, non pode en tanto non se formalize e o comunique ó concello no prazo indicado adquirir dita condición e polo tanto adquirilo posto.

No caso de persoas xurídicas, deberá solicita-la autorización, con carácter previo á fusión, absorción ou escisión, para a transmisión. Unha vez autorizada dipoñen dun prazo de seis meses para formalizala e comunicala ó concello. De non acreditarse dita fusión, absorción ou escisión, no devandito prazo, enténdese non transmitida, e que o anterior concesionario, segue sendo o titular, sempre que exista, senón enténdese extinguida sen dereito a indemnización. Se se necesitase un prazo maior, para levar a cabo ditas actuacións mercantis deberá solicitarse e acreditarse debidamente, resolvendo o concello o que proceda. Dita solicitude será con carácter previo o transcurso do prazo de seis meses.

No caso de transmisión do posto, satisfarase no seu caso, a taxa fixada ou tarifa que se fixe.

### 32. GRAVAME.

Dado o seu carácter de dereito real inscribible no rexistro da propiedade, a concesión poderá ser obxecto de hipoteca polo seu titular, coas condicións e límites, que fixa o artigo 98 da Lei de patrimonio das administracións públicas.

### 33. AUTORIZACIÓN MUNICIPAL.

A transmisión dos postos previstas no apartado un e dous do artigo 31, requirirá que se cumpra o disposto no mesmo artigo, para que se produza validamente a transmisión. De non cumprirse o sinalado alí, determina a extinción sen indemnización.

Calquera transmisión ou gravame require da autorización previa nos termos previstos no artigo 31 e 32.

Se se leva a cabo sen autorización previa determina a extinción sen dereito a indemnización.

Calquera autorización do contido de concesión ou das características da mesma ou arrendamento require autorización previa. Se se produce sen ela produce a súa extinción sen dereito a indemnización.

### 34. PERMANENCIA NA ACTIVIDADE.

En calquera dos supostos dos artigos 31 e 32, os postos deberán continuar abertos e exercéndose neles a mesma actividade comercial autorizada.

Soamente se permitirá a inactividade ou peche durante o prazo de seis meses, a contar da data do falecemento do titular, declaración de ausencia, declaración de falecemento ou declaración administrativa da súa incapacidade para o exercicio persoal da venda, salvo que xustificadamente a instancia da parte interesada e xustificadamente se solicite a concesión dun prazo superior e se aprobe polo concello.

Se a inactividade ou peche excedera do prazo previsto, declararase extinguido calquera dereito sobre a titularidade do posto ou espazo e vacante este, sen dereito a indemnización ningunha polos particulares.

## CAPÍTULO VIII. DEREITOS E OBRIGAS DOS CONCESIONARIOS/VENDEDORES

### SECCIÓN 1ª. DEREITOS

#### 35. DEREITOS DOS CONCESIONARIOS.

Son dereitos dos concesionarios os seguintes:

1.—A utiliza-los bens do servizo público necesarios para poder desenvolve-las súas actividades.

2.—Cando deba desocuparse algún mercado por traslado das súas actividades a outro novo, os titulares dos postos fixos daquel terán dereito a ocupar un posto da mesma clase no novo, polo tempo que restase para a extinción da concesión orixinaria. No seu defecto, terán dereito a que se lles indemni-

ce de acordo co disposto para os casos de resolución anticipada.

3.—A realización das vendas e transaccións que autoriza o contrato de concesión.

4.—O abastecemento de mercancías, nas condicións e horarios que polo concello se establezan; facendo uso dos elementos comúns do mercado para tal fin.

5.—Solicitar dispensas no despacho nos postos, por motivos persoais. Os pedimentos serán resoltos polo alcalde ou concelleiro-delegado.

6.—Solicitar do concello a realización de obras ou reparacións necesarias nos elementos comúns do mercado, que afecten ó funcionamento do posto.

7.—A facultade de realizar transmisións e gravames nas condicións deste regulamento.

8.—A realización de obras, no posto, que supoñan unha mellora neste contando coa previa autorización municipal, sendo preceptivo informe dos técnicos municipais.

9.—Poñer en coñecemento dos vixilantes do mercado calquera trato incorrecto que reciba do público ou compradores, para os efectos de que estes adopten as medidas que consideren necesarias.

### SECCIÓN 2ª. OBRIGACIÓN DOS CONCESIONARIOS

#### 36. DAS OBRIGACIÓN.

Son obrigacións dos concesionarios os seguintes:

1.—Desenvolver persoalmente a súa actividade, sen prexuízo da colaboración directa de cónxuxe, ou persoa coa que garde relación de afectividade que conviva con él, ascendente ou descendentes. Noutro caso, o titular está obrigado a amosa-lo contrato de traballo da persoa que preste servizos baixo a súa dependencia e as súas cotizacións á Seguridade Social.

Os postos autorizados a persoas xurídicas serán atendidos por quen a represente ou os seus dependentes laborais

A actuación dos colaboradores do titular haberá de ser autorizada, previamente, polo concello, debendo concorrer en ditos colaboradores os seguintes requisitos:

- a) Dispor do correspondente carné de identificación, así como, do carné de manipulador de alimentos.
- b) Estar afiliados á Seguridade Social e cumprir a normativa laboral no suposto de que se trate de persoal asalariado.

2.—Os titulares deberán de ter, a disposición das autoridades municipais ou competentes en materia de inspección sanitaria, un documento xustificativo do seu dereito, que será facilitado polo Concello no momento da concesión. Xunto con este

exhibirse un documento de identificación do propio titular que incluíra a fotografía do interesado.

Así mesmo, deberán dispor do carné de manipulador de alimentos.

Os colaboradores do titular tamén deberán de estar en posesión do correspondente carné de identificación e de manipulador de alimentos, que poderán ser requiridos polas autoridades competentes.

Os devanditos documentos deberán de renovarse para o caso de perda, sustracción ou deterioro.

3.—Comercializa-los productos alimenticios acreditando a súa procedencia e as debidas condicións de temperatura e hixiene.

4.—Usar dos postos unicamente para a venda de mercancías e obxectos propios do seu negocio, que en todo caso deberá marca-lo seu prezo e telo exposto á vista do público en xeral.

5.—Conservar en bo estado a porción de dominio e os postos, obras e instalacións utilizados.

6.—Mantelos abertos ó público ininterrompidamente durante as horas sinaladas, desenvolvendo coa debida perfección e esmero a súa actividade comercial.

7.—Vestir correcta e aseadamente coa indumentaria apropiada, esixindo esta obriga ós seus colaboradores.

8.—Cuidar que os seus respectivos postos e os espazos lindeiros estean limpos, libres de residuos e en perfectas condicións hixiénicas e de prestación do servizo.

9.—Realiza-lo depósito ou verquido de residuos nas horas e nos colectores ou recipientes destinados para tal fin nas dependencias do mercado, trasladándoos en bolsas que impidan perder ou derramalo seu contido, que baixo ningún concepto poderá ser tirado ós pasillos e outros lugares comúns.

10.—Contribuír á limpeza, conservación e vixilancia do mercado na forma e condicións que se establezan neste regulamento, e no contrato de adxudicación.

11.—Atender ós compradores coa debida deferencia.

12.—Satisface-la contía das taxas ou dereitos de utilización dos postos, na forma e prazos de ingreso que virán determinadas en cada momento pola ordenanza fiscal respectiva, así como, as sancións por defraudación, ocultación, infracción ou demora, que nesta se establezan.

13.—Aboa-lo importe dos danos e perdas que o propio titular, os seus familiares ou dependentes causaren nos bens obxecto da autorización e nas instalacións ou no edificio do mercado.

14.—Facilita-los datos que lles solicite a Administración.

15.—Mostrar ós vixilantes do mercado os documentos acreditativos de estar ó corrente das súas

obrigas fiscais e de Seguridade Social, cando sexan requiridos para iso.

16.—Satisfacer e xustificar, cando fosen requiridos polos funcionarios municipais, o pagamento dos impostos e exaccións municipais legalmente esixibles por razón do exercicio do seu comercio nos postos.

17.—Instalar neles, cando proceda, os correspondentes contadores de auga, diferencial e limitador de enerxía eléctrica, de acordo coa normativa que rexe as instalacións de baixa tensión, de obrigado cumprimento que pasarán a ser de propiedade municipal, e sempre para o caso de que teñan instalada iluminación propia ou calquera máquina que o precise.

A calidade dos materiais e lugar de empraamento destes aparatos de control e protección serán sinalados polo electricista municipal, que deberá dá-lo visto e prace, previo á conexión da subministración no posto. O consumo eléctrico, e o de auga do posto irá a cargo do titular.

18.—Os titulares dos postos asumirán integralmente os custos de conservación e mantemento dos postos, os impostos, taxas, e demais tributos que correspondan pola utilización dos postos e utilizaran o ben segundo a súa natureza e entregaranno no adecuado estado de conservación e uso no que o reciben ó remata-la concesión.

19.—Asumirán a responsabilidade derivada da ocupación dos postos.

20.—Someteranse ós controis da administración municipal, que ten a facultade de inspecciona-los postos.

21.—Utilizar instrumentos de pesar e medir axustados ós modelos homologados, podendo o concello, mediante persoal ó seu cargo, verifica-la exactitude destes instrumentos.

22.—Exhibir ó administrador de mercados, funcionarios municipais, da inspección veterinaria ou da inspección de abastos, así como, ós gardas da Policía Local, cantos artigos teñan á venda, incluso os depositados en armarios e envases, sen que poidan oporse ó recoñecemento destes nin a súa inutilización, caso de que sexan declarados, logo do dictame da inspección veterinaria, non aptos para o consumo. Iso sen prexuízo das reclamacións, queixas ou recursos que poidan interpor contra a actuación e declaración referida.

23.—Cumprilas ordes e instrucións da autoridade municipal ou dos seus axentes.

24.—Comunicar mediante escrito dirixido ó Sr. alcalde a situación de baixa laboral para os efectos de xustifica-la ausencia no posto.

25.—Cumprilas demais obrigacións que resulten do presente regulamento e da lexislación sectorial aplicable en cada momento.



## SECCIÓN 4ª. PROHIBICIÓNS

## 37. PROHIBICIÓNS.

Con carácter xeral, establécense as seguintes prohibicións:

1.—Expende-las mercadorías fóra dos postos ou en postos distintos dos que lle correspondan.

2.—Tocar ou manosea-la mercancía exposta, singularmente aqueles produtos susceptibles de fácil contaminación.

3.—Limpar reboutallos no mercado durante o horario sinalado para a venda ó público.

4.—Lavar nos postos o peixe destinado á venda, salvo a solicitude do comprador para a súa preparación para o consumo.

5.—Dispor de recipientes e outros utensilios que faciliten manipulacións nocivas ou almacenar calquera clase de produtos insalubres.

6.—Utilizar recipientes ou medios de transporte que poidan ocasionar deterioro do pavimento do recinto.

7.—Tirar lixo e residuos nas dependencias ou zonas de afluencia do público.

8.—Expo-los produtos que precisan regulamentariamente conservación por frío fóra dos moles frigoríficos adecuados en cada caso.

9.—Reconxela-los alimentos que sufriran cambios de temperaturas que lles puidesen facer perder as súas condicións específicas.

10.—Vender a granel ou fraccionadamente cando esté prohibida dita forma de venda nas regulamentacións técnico-sanitarias ou normas específicas correspondentes.

11.—Utilizar papeis periódicos, impresos, etc., para envolve-los produtos. Non terán a consideración de papel impreso o papel novo que leve consignado o nome, enderezo do vendedor ou outras indicacións sobre a cara que non vaia estar en contacto co alimento.

## CAPÍTULO IX. OBRAS, INSTALACIÓNS E SERVIZOS

## 38. Execución de obras.

Toda obra de construción, adaptación ou reforma dos postos que desexen levar a cabo os seus titulares, deberá facerse de conformidade cos modelos establecidos ou que poda establecer a corporación.

Sen a previa autorización do concello non poderán, os titulares de postos e almacéns-depósitos, realizar obras nin instalacións de ningunha clase nestes.

Os titulares dos postos demolerán a súa costa as obras non autorizadas, vindo obrigados a reparar e indemniza-los danos ocasionados a persoas ou cousas.

## 39. Destino das obras.

Cantas obras e instalacións se realicen nos postos ou almacéns-depósitos e queden unidas de modo permanente ó piso, paredes e demais elementos integrantes do inmovible do mercado quedarán de propiedade municipal, sen dereito a indemnización ningunha ós titulares á finalización do prazo da adxudicación.

Entenderase que tales obras están unidas de modo permanente cando non se podan separar dos pisos, paredes ou elementos sen quebranto, dano ou deterioro destes.

## 40. Conservación e mantemento.

Serán de conta e cargo dos titulares dos postos as obras de conservación e/ou mantemento destes.

O concello poderá impo-la realización de ditas obras ou executalas por sí, sen prexuízo, neste caso, de reclama-lo seu importe ó titular correspondente.

## 41. Subministracións de enerxía e auga.

Serán de conta dos titulares de postos os aboamentos polos consumos de auga e electricidade. O concello procurará que a pé de posto haxa unha toma de auga e electricidade. Os consumos serán a conta dos titulares dos postos.

## 42. Normas que rexen as obras e instalacións.

No non previsto nas presentes, en relación coas obras e instalacións nos postos do mercado, os titulares deberán axustarse ás normas aprobadas ou que poida aprobar no sucesivo o concello.

## CAPÍTULO X. DURACIÓN E EXTINCIÓN

## 43. Duración máxima das concesións.

Fíxase en 50 anos, sen que poida superarse mediante prórroga de ningún tipo, subrogación ou transmisión do dereito.

44. Resolución anticipada por renuncia xustificada do titular.

Os titulares dos postos, por causas debidamente xustificadas, por causa imputable o concello, que impidan o desenvolvemento da actividade de por sí ou polas persoas que puideran beneficiarse da súa transmisión, segundo os arts. 31 deste Regulamento, ou que a fagan extraordinariamente gravosa, poderán instar do concello a resolución anticipada da concesión.

Neste caso terán dereito á retirada de cantos elementos do negocio admitan a súa separación sen dano ou menoscabo das instalacións, e unha indemnización equivalente ó prezo de adquisición ou canon satisfeito ó concello, debidamente actualizado e prorrateado en atención ó tempo transcorrido da concesión. Tal indemnización satisfírase polo concello con cargo ó canon obtido no novo procedemento licitatorio ó que se someterá o posto en cuestión.

## 45. Causas de finalización.

Sen prexuízo do disposto noutros preceptos deste regulamento, os dereitos de ocupación de postos e espazos extínguense polas seguintes causas:

- Polas causas enumeradas no artigo 100 da Lei de patrimonio de administracións públicas.

- Renuncia do titular.

- Causas sobrevenidas de interese público aínda antes da terminación do prazo de adxudicación logo da, de se-lo caso, correspondente indemnización. Esta facultade de rescate exercitarase segundo a normativa administrativa reguladora das concesións demaniais.

- Falecemento ou declaración de ausencia do titular, sen prexuízo da posible transmisión ó abeiro dos artigo 31 deste regulamento.

- Imposibilidade de exercicio directo ou persoal da concesión, sen que se opte pola contratación de persoal dependente, sen prexuízo da posible transmisión ó abeiro dos artigo 31 deste regulamento.

- Cesión ou traspaso non autorizado do local, presumíndose que se dá este suposto sempre que apareza á fronte daquel persoa distinta ó titular ou persoa autorizada polo concello.

- Disolución da Sociedade titular

- Perda das condicións que foron esixidas para optar á adxudicación.

- Non ocuparse ou permanecer pechado o posto durante máis de noventa días, nun mesmo período anual, salvo que exista autorización municipal para iso ou concorra causa xustificada. Neste caso estarase ó disposto no art. seguinte.

- Ter sido sancionado mediante resolución firme por infracción moi grave de disciplina do mercado.

- Grave incumprimento das obrigas sanitarias ou das ordes recibidas en materia de limpeza e hixiene dos postos.

- Falta de pagamento durante tres mensuralidades consecutivas ou seis alternas das taxas que se xirasen no prazo dun ano.

## 46. Paralización da venda.

Para os casos de imposibilidade transitoria de exercicio da actividade, principalmente por causa de enfermidade ou similares debidamente xustificativas e acreditadas, o concello, a solicitude do titular e sempre que non exista persoa dependente deste que poida facerse cargo da explotación do posto, poderá permiti-lo peche deste.

Cando tal peche exceda de 30 días, poderá procederse á adxudicación, a través da oportuna licitación, da licenza para a súa ocupación temporal por persoa que reúna as condicións necesarias para iso.

En todo caso, o non exercicio polo titular polo prazo de máis de 6 meses producirá a extinción da concesión, sempre que non exista xusta causa

Extinguída a concesión orixinaria, extinguirase calquera licenza de ocupación temporal outorgada sobre o posto, procedendo á tramitación de novo procedemento destinado á adxudicación de nova concesión.

## 47. Efectos.

Á extinción dos dereitos de ocupación, calquera que fose a causa, os titulares haberán de abandonar e deixar libres e vacíos, a disposición do concello, os bens obxecto da utilización. O concello, en caso contrario, poderá acordar e executar por sí o desafuizamento en vía administrativa.

## CAPÍTULO XI. DOS USUARIOS

## 48. Da solicitude e recepción do servizo.

A prestación do servizo efectuarase de conformidade co principio constitucional de igualdade. A preferencia para a prestación do servizo corresponderá ó que, con estricte suxeición á orde temporal, primeiro o solicite.

## 49. Son dereitos dos usuarios dos servizos.

- Ter acceso ós servizos en condicións básicas de igualdade.

- A estar claramente informado das normas de funcionamento do mercado, dos seus dereitos e obrigas.

- Te-la garantía de que os servizos se prestan con continuidade.

- A utilización das instalacións referidas de conformidade co presente regulamento e a normativa xeral reguladora destas.

- A solicitar das autoridades municipais o correcto funcionamento e estado das instalacións, denunciando cantas irregularidades poidan observar nestas.

- A presenta-los recursos, queixas e reclamacións procedentes contra os actos de xestión do servizo, perante a Alcaldía do concello ou mediante a demanda da tutela xudicial, chegado o caso.

- Os demais dereitos recoñecidos pola normativa de aplicación.

Estes dereitos deberán de ser garantidos polo concello, tendo dereito os particulares a esixir a súa observancia a través dos sistemas de participación fixados pola Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997 de administración local de Galicia.

## 50. Son deberes dos usuarios do servizo:

- Cumpli-las disposicións que regulan a utilización do mercado municipal.

- A utilización en xeral das instalacións incluídas no eido deste regulamento, de conformidade co seu destino e natureza, sen dano ou menoscabo ningún nestas e con pleno respecto ós dereitos dos demais usuarios destas.

- O acatamento das instrucións que, en cumprimento deste regulamento ou da normativa xeral reguladora, lle sexan dadas polo concello ou xestor responsable.

- O pagamento dos danos ocasionados ás instalacións mediando dolo ou culpa.

- Non tocar nin manosear as mercadorías expostas ó público, cando se trate de produtos alimenticios facilmente deteriorables.

## CAPÍTULO XII. GOBERNO E VIXILANCIA DO MERCADO

### 51. ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE.

Corresponde á autoridade do alcalde a dirección, inspección e impulsión dos servizos de mercado.

### 52. VIXILANTES DO MERCADO.

Os vixilantes do mercado serán os responsables directos do bo uso deste, estando encargados da apertura e peche do mercado, permanecendo nel en cumprimento das súas funcións.

Os vixilantes no caso de xestión directa serán persoal asalariado do concello, no caso de xestión indirecta serán contratados pola empresa concesionaria do servizo. Así mesmo dado o carácter de servizo público o Concello ten a facultade de dispor de funcionarios como encargados do cumprimento da concesión, segundo os termos establecidos.

### 53. FUNCIÓNS DOS VIXILANTES DO MERCADO.

Sen prexuízo das facultades de orde hixiénico-sanitaria que corresponden ós servizos sanitarios municipais, os vixilantes terán as seguintes funcións:

- a) Vixilar o normal desenvolvemento da actividade mercantil, atendendo cantas queixas ou reclamacións poidan formular os titulares ou vendedores dos postos e o público usuario do mercado, trasladando ditas reclamacións, cando proceda ó concello.
- b) Manter relación directa cos titulares dos postos e coa asociación de vendedores, no seu caso, notificándolles cantas comunicacións lles afecten.
- c) Efectuar a repesaxe dos produtos adquiridos polo público xeral cando sexa requirido para iso por este.
- d) Cuidar a limpeza, boa orde e funcionamento do mercado e de tódalas súas instalacións.
- e) Facilitar a actuación dos servizos municipais veterinarios para o cumprimento das súas funcións ou de calquera outro funcionario municipal que deban intervir por razón do seu cargo.
- f) Inspeccionar tódalas dependencias do mercado, tanto interiores como exteriores, e os ins-

trumentos de pesar e medir, practicando o servizo de repeso.

- g) Velar pola conservación e mantemento do edificio e das súas instalacións.
- h) Dar conta á Alcaldía das anomalías e incidencias que se produzan.
- i) Facilitar ó concello tanta información ou datos estatísticos relacionados coa actividade de abastecemento fose requirida.
- j) Os vixilantes do mercado serán os responsables da levanza dun libro de rexistro no que constará o nome dos titulares concesionarios de cada posto e as incidencias que respecto de tales postos se produzan, tales como transmisións efectuadas, sancións recaídas, reclamacións presentadas, ausencias observadas e calquera outra circunstancia que axude á mellor prestación do servizo.

### 54. LIMPEZA DO MERCADO.

- a. A limpeza dos mercados poderá facerse polo Servizo Municipal de Limpeza, ou no seu caso, pola empresa concesionaria do servizo.
- b. En canto ás ordes do servizo, sexa cal fose a natureza do persoal, este recibirá as instrucións do funcionario encargado do mercado.
- c. O concello establecerá no mercado, un número de colectores suficientes para depósito do lixo e de residuos que se xeren.
- d. Os vixilantes disporán os horarios nos que procederá o depósito do lixo e desperdicios nos colectores.

### 55. VIXILANCIA DO MERCADO.

A vixilancia nos mercados corresponderá ós membros da Policía Local, quen, ademais das súas funcións propias, realizarán as seguintes:

- a) Prestar auxilio ó personal do mercado se son requiridos para iso.
- b) Cuidar do mantemento da orde do mercado.

## CAPÍTULO XIII. POTESTADES DO CONCELLO

### 56. POTESTADES.

Co fin de garantir o correcto funcionamento do servizo, o Concello poderá:

- Esixir a observancia das normas relativas ó desenvolvemento do servizo por parte de xestores, concesionarios dos postos e usuarios, podendo, logo do oportuno expediente no que se dea audiencia ó interesado, adoptar cantas medidas ou impoñer sancións que ó respecto veñan establecidas neste Regulamento ou na normativa aplicable.

- Esixir o pagamento da taxa ou prezo público correspondente por parte dos concesionarios dos postos.

- Ordenar e executa-lo desaloxo dos postos que, en aplicación do disposto neste Regulamento, deban de quedar libres e vacantes.

Estas medidas poderán facerse efectivas por mediación do encargado da vixilancia e/ou servizo, ou a través dos medios previstos na Lei 30/1992 para a executoriedade dos actos administrativos e no Rd 1372/1986 para a defensa dos bens das entidades locais, incluíndo a vía de constrinximento e o desafiuzamento administrativo.

#### CAPÍTULO XIV. RÉXIME SANCIONADOR. INCUMPRIMENTOS

##### 57. Incumprimentos dos titulares dos postos.

Sen prexuízo das infraccións das inspeccións hixiénico-sanitarias que consideran as normas sectoriais, os titulares dos postos serán responsables por sí mesmos e polos seus colaboradores das faltas que cometan contra o presente Regulamento e demais normativa en vigor que afecte ó comercio minorista de alimentación.

##### 58. Faltas dos titulares ou concesionarios dos postos.

As faltas clasifícanse en leves, graves e moi graves.

###### a) Considérase falta leve:

1.—A omisión da necesaria limpeza nos postos e locais do Mercado, así como nas zonas comúns.

2.—O descuido no aseo persoal dos titulares ou os seus colaboradores.

3.—O transporte de mercadorías en horario de venda.

4.—Causar, mediando dolo ou negligencia, danos ó edificio, postos ou instalacións por valor inferior a 1.000,00 euros.

5.—A colocación do peso de forma que este non resulte claramente visible para os compradores.

6.—incumprimento do horario establecido en canto á venda e saída e entrada do mercado.

7.—O abandono de envases e mercadorías en recintos comúns, incumprindo normas ou directrices establecidas ó respecto.

8.—Arroxar residuos e lixo nos pasos comúns, dependencias e zoas de confluencia do Mercado ou fóra dos lugares habilitados

9.—As incorreccións, a violencia verbal e a promoción de escándalos co público e persoal municipal do servizo.

10.—A inobservancia das instrucións dimanantes do concello ou da Inspección Sanitaria.

11.—Mante-lo posto pechado durante máis de trinta días consecutivos e menos de sesenta, salvo causa xustificada apreciada motivadamente polo concello.

12.—Calquera incumprimento dos deberes, obrigacións e disposicións establecidos neste regula-

mento que non teña a consideración de falta grave ou moi grave

###### b) Constitúe falta grave:

1.—A comisión de tres faltas leves no transcurso dun ano.

2.—Incumpri-la normativa en vigor en materia de sanidade alimentaria.

3.—A venda de artigos de especie distinta á autorizada polo concello.

4.—A negativa a exhibi-los albaráns da mercadoría ou calquera outra documentación relacionada co negocio cando sexan requiridos para iso por persoal autorizado.

5.—Os altercados ou pendencias que produzan escándalo dentro do mercado ou nas súas inmediacións, con resultado de lesións ou danos.

6.—As ofensas leves de palabra, ou de obra, ás autoridades municipais, empregados do mercado, da Inspección Sanitaria, ós axentes da autoridade e ó público ou usuarios do mercado.

7.—Causar, mediando dolo ou negligencia, danos ó edificio, postos ou instalacións por valor de 1.000,00 euros ou superior, e inferior a 2.500,00 euros.

8.—O uso indebido ou sen autorización de bens ou servizos xerais.

9.—As defraudacións na cantidade ou calidade dos xéneros vendidos.

10.—O peche do posto durante sesenta ou máis días e menos de noventa días, salvo causa xustificada apreciada motivadamente polo concello.

11.—As infraccións da regulamentación sanitaria que só impliquen descoido ou negligencia.

12.—A venda de produtos alimenticios sen o preceptivo carné de manipulador.

13.—A realización de obras menores que non afecten á estrutura do posto, sen licenza municipal.

14.—A negativa a colaborar cos servizos de inspección.

15.—Empregar ou auxiliarse de colaboradores para atender ó posto sen cumprir a normativa laboral.

###### c) Terá a consideración de falta moi grave:

1.—A comisión de tres faltas graves no transcurso dun ano.

2.—A comisión de furtos e roubos dentro do mercado.

3.—Provocar disturbios no funcionamento normal dos servizos, impedindo a realización de vendas ou enfrendando gravemente ós usuarios entre sí ou co persoal do servizo.

4.—O impago das taxas correspondentes a tres mensualidades.

5.—Actos de coacción ou soborno ó persoal do mercado.

6.—O incumprimento da resolución recaída como consecuencia dalguna infracción cometida.

7.—Ocasionar danos por valor de 2.500,00 euros ou superior nas instalacións, por dolo ou negligencia.

8.—As ofensas graves, de palabra ou de obra, ás autoridades municipais, empregados do mercado, da Inspección Sanitaria, axentes da autoridade e ó público usuario do mercado.

9.—A modificación da estrutura ou instalacións dos postos sen autorización municipal.

10.—A cesión non autorizada do posto ou o seu alugamento.

11.—O peche do posto durante máis de noventa días nun mesmo período anual, salvo causa xustificada apreciada motivadamente polo concello.

12.—As defraudacións na cantidade e calidade dos xéneros vendidos que daran lugar a sanción por infracción grave á disciplina do mercado.

13.—O incumprimento da normativa relativa ás condicións hixiénico-sanitarias dos alimentos.

14.—A realización de obras que afecten a estrutura do posto ou que teñan a consideración de maiores sen a preceptiva licenza municipal.

15.—O incumprimento grave das obrigas sanitarias ou das ordes recibidas en materia de limpeza e hixiene dos postos.

59. Apertura simulada dos postos.

Os prazos que se establecen no artigo anterior respecto das faltas por peche dos postos non se interromperán pola apertura do posto durante un ou varios días, co obxecto de simular aparencia de venda. Para estes efectos entenderase que existe simulación, aparte de por outras circunstancias acreditativas, cando a cantidade e prazo de artigos postos á venda non corresponde á que poida considerarse como de actividade normal do mesmo posto.

60. Sancións por faltas cometidas polos titulares dos postos.

Toda infracción do presente regulamento sancionarase na forma específica que determina o precepto incumplido e, no seu defecto, na seguinte:

- a. Por faltas leves: apercibimento ou multa de 60,00 a 750 euros.
- b. Por faltas graves: multa de 750,00 a 1500,00 euros e/ou suspensión das actividades de venda no posto ata quince días para os titulares, e a mesma multa ou/e suspensión por igual prazo para os colaboradores, en caso de que a falta sexa cometida por estes.
- c. Por faltas moi graves: multa de 1500,00 ata 3000,00 euros e suspensión das actividades de venda no posto ata trinta días, ou extinción da titularidade do posto. As faltas moi graves cometidas polos colaboradores sancionaranse coa suspensión da autorización

municipal e multa polo importe sinalado ou a anulación da sinalada autorización.

Aquelas infraccións que supoñan unha perturbación da adecuada e normal prestación do servizo, como os desordes, danos a bens ou instalacións ou faltas de respecto ós restantes usuarios, provocarán, de non cesa-la actitude trala oportuna advertencia, o desaloxo das instalacións polo xestor do servizo que, para estes efectos, poderá contar coa colaboración da Policía Local.

61. Infraccións dos concesionarios ou xestores indirectos do servizo.

a) Ademáis das que sexan deducibles conforme coa normativa de aplicación, considéranse faltas leves:

1.—As lixeiras desconsideracións ou faltas do respecto debido ós titulares dos postos ou ós usuarios dos servizos que se produzan nos locais.

2.—Causar, mediando dolo ou negligencia, danos ó edificio, postos ou instalacións por valor inferior a 1.500,00 euros.

3.—Calquera desorde ou incumprimento de escasa trascendencia das normas sobre o servizo ou instrucións que, no cumprimento deste, lle poidan ser dadas polo propio concello.

4.—A tolerancia na comisión de faltas leves polos titulares dos postos, sen que se efectúe a oportuna denuncia en prazo ó concello.

b) Ademáis das que sexan deducibles conforme coa normativa de aplicación, considéranse faltas graves:

1.—A reincidencia na comisión de falta leve sobre a que se dictara resolución sancionadora durante o prazo dun ano anterior.

2.—As desconsideracións ou faltas do respecto debido ós titulares dos postos ou ós usuarios dos servizos que se produzan nos locais.

3.—Causar, mediando dolo ou negligencia, danos ó edificio, postos ou instalacións por valor superior a 1.500,00 euros e inferior a 3.000,00 euros.

4.—Calquera desorde ou incumprimento de trascendencia das normas sobre o servizo ou instrucións que, no cumprimento deste, lle poidan ser dadas polo propio concello.

5.—A tolerancia na comisión de faltas graves polos titulares dos postos, sen que se efectúe a oportuna denuncia en prazo ó concello.

c) Ademáis das que sexan deducibles conforme coa normativa de aplicación, considéranse faltas moi graves:

1.—A reincidencia na comisión de falta grave sobre a que se dictara resolución sancionadora durante o prazo dun ano anterior.

2.—As graves desconsideracións ou faltas do respecto debido ós usuarios ou titulares dos postos que se produzan nos locais ou dependencias do mercado.

3.—Os danos de contía superior a 3.000,00 euros ocasionados de propósito ou mediando culpa grave ás instalacións.

4.—Calquera desorde ou incumprimento de transcendencia da normativa, do presente regulamento ou das instrucións que, no cumprimento do servizo, lle poidan ser dadas polo concello, cando provoquen a súa paralización.

62. Sancións ós concesionarios ou xestores indirectos do servizo.

As faltas leves sancionaranse con apercibimento ou multa dende 60,00 euros ata 750,00 euros, as graves, con multa de ata 1.500,00 euros e as moi graves, con multa de ata 3.000,00 euros.

Para o caso de que as infraccións graves ou moi graves fosen cometidas pola entidade xestora do servizo e conlevasen un grave deterioro do servizo, unha motivada expectativa da paralización da súa prestación, ou que ocasionasen danos graves ás instalacións, motivará o secuestro, rescate deste ou a resolución do posible convenio ou contrato para o seu desenvolvemento, sen prexuízo da esixencia das responsabilidades de todo tipo que puideran concorrer.

63. Réxime sancionador específico.

As infraccións e sancións descritas no presente regulamento, respecto dos concesionarios ou xestores indirectos do servizo, determínanse sen prexuízo das que puideran ser previstas (en canto penalidades administrativas por incumprimentos) nos pregos de cláusulas particulares ou nas condicións que se establezan nos contratos ou convenios de concesión da xestión.

64. Infraccións dos usuarios do servizo.

As infraccións dos usuarios clasifícanse en leves, graves e moi graves.

a) Son infraccións leves:

1.—O de causar, mediante dolo ou negligencia, danos ó edificio, postos ou instalacións por valor inferior a 1.500,00 euros.

2.—As incorreccións, a violencia verbal e a promoción de escándalos co público, vendedores ou vixiantes.

3.—A inobservancia das instrucións dimanantes do concello relativas ó correcto uso do mercado.

4.—Ensucia-las instalacións do mercado mediante o arroxamento de obxectos o chan.

5.—O incumprimento de calquera dos deberes que estean establecidos no artigo 50 deste regulamento e non teña a consideración de falta grave ou moi grave

b) Constitúe falta grave:

1.—A comisión de tres faltas leves no transcurso dun ano.

2.—O de causar, mediante dolo ou negligencia, danos ó edificio, postos ou instalacións por valor de entre 1.500,00 a 3.000,00 euros.

3.—O uso privativo dun posto do mercado sen ter a concesión ou título suficiente para iso.

4.—Os altercados ou pendencias que produzan escándalo dentro do mercado ou nas súas inmediacións, con resultado de lesións ou danos.

5.—As ofensas leves de palabra, ou de obras, ás Autoridades Municipais, empelados do mercado, da Inspección Sanitaria, ós Axentes da Autoridade e ó público ou usuarios do Mercado.

c) Constitúe falta moi grave:

1.—A comisión de tres faltas graves no transcurso dun ano.

2.—O de causar, mediante dolo ou negligencia, danos ó edificio, postos ou instalacións por valor superior 3.000,00 euros.

3.—As ofensas graves, de palabra ou de obra, ás autoridades Municipais, empregados do mercado, da Inspección Sanitaria, Axentes da autoridade e ó público usuario do Mercado.

4.—Provocar disturbios no funcionamento normal dos servizos, impedindo a realización de vendas ou enfrentando gravemente ós usuarios entre si ou co persoal do Servizo.

5.—A agresión física os vixiantes do mercado, as autoridades municipais, inspectores sanitarios, usuarios ou concesionarios.

65. SANCIÓN S Ó S USUARIOS DO SERVIZO.

As faltas leves sancionaranse con multa de 60,00 euros ata 750,00 euros, a excepción da que se tipifica como incumprimento dos deberes do artigo 50 deste regulamento, e que non estean tipificadas como graves e moi graves, que se sancionarán ata o límite precisado no art. 59 do Texto refundido do Réxime local (Rd. legislativo 781/1986).

As faltas graves sancionaranse con multa desde 750,00 ata 1.500,00 euros.

As faltas moi graves sancionaranse con multa desde 1.500,00 ata 3.000,00 euros.

66. Procedemento sancionador.

As faltas previstas no presente regulamento que teñan a consideración de incumprimentos contractuais, e as sancións que se contemplan, de penalidades por tales incumprimentos, non precisarán da tramitación dun expediente sancionador, sen prexuízo da oportuna audiencia ó contratista.

A imposición das restantes sancións esixirá a tramitación de previo expediente, que deberá de acomodarse ó regulado no R.d. 1398/1993, polo que se aproba o Regulamento do procedemento

para o exercicio da potestade sancionadora. En todo caso teranse en conta os principios e circunstancias sinaladas no Título IX da Lei 30/1992 e, especialmente no que respecta á gradación das sancións, a reincidencia (sempre que non tivese a consideración de elemento constitutivo da infracción), a intencionalidade e o arrepentimento e vontade de subsana-lo dano causado. Os expedientes instruíranse pola concellería delegada competente resolvéndose pola Alcaldía do concello.

#### CAPÍTULO XV. RECLAMACIÓNS E RECURSOS

##### 67. Réxime de recursos.

Calquera deficiencia observada no normal desenvolvemento do servizo aquí regulamentado, así como, nas instrucións dadas polo encargado ou xestor do servizo, poderán ser obxecto de reclamación perante a Alcaldía do concello ou, de se-lo caso, interposición de recurso de alzada.

A resolución adoptada pola Alcaldía esgota a vía administrativa sendo susceptible de recurso contencioso-administrativo.

#### DISPOSICIÓN TRANSITORIAS

1ª. En consideración ó tempo que se vén disfrutando do uso dos postos, pero sen perder de vista a obriga que a lexislación reguladora dos bens locais precisa respecto das concesións destes, establécese un específico réxime transitorio para as persoas que actualmente ocupan os postos do mercado.

Deste xeito, as sinaladas persoas entenderanse concesionarias, a partir da entrada en vigor do presente regulamento, dos postos que actualmente veñan explotando, pero, por un período de 30 anos, a partir do día seguinte ó da sinalada entrada en vigor. Transcorrido este prazo, o posto quedará libre e vacante, sen posibilidade de prórrogas nin transmisión, por ningún título, a herdeiros, familiares ou terceiros de ningún tipo. Os postos vacantes sacaranse a licitación pública de conformidade co sinalado no presente regulamento e na normativa reguladora, especialmente, o Regulamento de bens das entidades locais e Lei de patrimonio das administracións públicas.

Para tal efecto deberase facer contar a súa condición de concesionarios facultándose o Alcalde para realizar cantos actos sexan necesarios para tal fin.

#### DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo concello e publicado integramente no B.O.P, sempre e cando transcorrese o prazo sinalado polo art. 65.2 por remisión do 70.2 da Lei 7/1985.

#### DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A entrada en vigor deste regulamento, data na que quedará derogado o Regulamento do mercado de 1977.

Cangas a 1 de agosto de 2005.—O Alcalde, José Enrique Sotelo Villar. **2005007470**

\* \* \*

#### CATOIRA

#### E D I C T O

##### *Aprobación inicial de estudio de detalle*

En sesión celebrada o día 23 de xullo do 2005, a Xunta Local de Goberno, aprobou inicialmente o Estudio de Detalle de Reaxuste de Aliñacións na Rúa de Acceso ó Cemiterio Parroquial de Catoira, o que se fai público polo prazo mínimo de 20 días.

En Catoira, a 26 de xullo de 2005.—O Alcalde, Alberto García García. **2005007246**

\* \* \*

#### DOZÓN

#### E D I C T O

Solicitando desta Alcaldía doña Pacita Carral Otero, licencia municipal para a apertura de “Fosa de purines para estabulación de vacuno”, a situar en Paredes-Sixto, cumprindo o disposto no parágrafo a), do número 2 do art. 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, coa fin de que durante o mesmo —que comezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edito no Boletín Oficial da provincia—, poidan examinalo expediente na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar, e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

Dozón, a 1 de xaneiro de 2005.—O Alcalde, ilexible. **2005007245**

\* \* \*

#### A ESTRADA

#### A N U N C I O

Faise público que en virtude da resolución da alcaldía nº 1728/2005, Ramón Campos Durán, alcalde-presidente do concello da Estrada, e por razón do disfrute do período vacacional, resolveu